



O contido mostrado a continuación é unha versión do BOP oficial, auténtico e asinado electrónicamente en PDF

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### Negreira

Traducción automática  
Gallego - Castellano

*Annuncio relativo á aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións de propiedade municipal dependentes da Concellería de Cultura do Concello de Negreira, integradas na área recreativa de Cobas*

#### ANUNCIO

O Pleno da Corporación con data 11 de xullo de 2013, acordou a aprobación provisional da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións de propiedade municipal dependentes da Concellería de Cultura do Concello de Negreira, integradas na área recreativa de Cobas.

Publicada con data 17 de outubro 2013 no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de trinta días hábiles sen que se presentasen reclamacións considérase aprobada definitivamente.

Publicase a continuación o texto completo da ordenanza.

#### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO USO DE INSTALACIÓNS DE PROPIEDAD MUNICIPAL DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE CULTURA DO CONCELLO DE NEGREIRA, INTEGRADAS NA ÁREA RECREATIVA DE COBAS.

##### Artigo 1º.- Concepto.

No uso das facultados concedidas polos artigos 133.2 e 142 da CE e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 24 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa polo uso de instalacións de propiedade municipal dependentes da Concellería de Cultura, integradas na Área Recreativa de Cobas, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, atendendo ás normas ó previsto no artigo 57 do citado RDL.

##### Artigo 2º.- Obrigados ó pagamento.

Están obrigados ó pagamento das taxas reguladas nesta Ordenanza as persoas ou entidade que utilicen as instalacións culturais ás que esta taxa fai referencia.

##### Artigo 3º.- Contía.

A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será un importe fixo, de 20 € por día.

Esta taxa é plenamente compatible co depósito da garantía establecido pola Ordenanza Reguladora do uso das mesmas instalacións.

##### Artigo 4º.- Exencións e bonificacións.

Non están suxeitos a esta taxa aquelas utilizacións correspondentes a actos organizados ou patrocinados por iniciativa do Concello de Negreira.

A Xunta de Goberno Local poderá conceder exencións ou bonificacións desta taxa no caso de utilización das instalacións para a celebración de actos organizados con fins benéficos, previa xustificación de este carácter. Estas non alcanzarán á obriga de depositar a garantía á que fai referencia a Ordenanza Reguladora do uso das instalacións.

As persoas ou entidades interesadas na obtención da devandita exención ou bonificación deberán solicitalas por escrito con anterioridade á celebración das actividades, acreditando abondo as circunstancias que concorran na súa pretensión.

##### Artigo 5º.- Devengo, liquidación e ingreso.

No caso xeral de utilización individualizada das instalacións municipais ás que esta ordenanza fiscal se refire, fundiranse nun só intre procedimental as fases de devengo, liquidación e pago da taxa. Dito intre procedimental producirase cando a persoa manifeste a súa pretensión de utilizar as referidas instalacións.

No caso de solicitude por colectivos para a utilización nun momento posterior, o devengo e a liquidación produciranse coa autorización da Alcaldía. O pago, que se efectuará con anterioridade á utilización efectiva, realizarase na Tesourería municipal.

##### Disposición final.

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte o da súa íntegra publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Negreira, 26 de novembro de 2013

Juan José Rey Maceira

Alcalde-Presidente

2013/15084